

Decreto

ASUNTO: APROBACIÓN DE BOLSA DE TRABAJO PARA A COBERTURA INTERINA DA PRAZA DE DIRECTOR/A DA BANDA DE MÚSICA

Ilm. Sr. Don MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ Tenente de Alcaldesa de Cohesión Territorial por substitución da Tenenta de Alcaldesa de Goberno de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.

Visto que a xunta de goberno local do concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o día once de decembro de dous mil dezanove, adoptou, entre outros o acordo 15/798 aprobación das bases para a cobertura, en propiedade, dunha praza DE DIRECTOR DA BANDA DE MÚSICA.

Conforme á base oitava destas bases específicas, unha vez finalizado o proceso selectivo para a cobertura definitiva de prazas como funcionaria/o de carreira, confeccionarase unha lista pola orde de puntuación acadada por cada aspirante que non superou este, tendo en conta que para estar incluída/o nesta lista hai que, alomenos aprobar o primeiro exercicio do proceso selectivo. A partir de todas as persoas que superaron este, sumaranse as puntuacións obtidas en cada exercicio, e así confeccionarase a lista para a cobertura de interinidades.

Á vista do acordo nº 18/594 adoptado na Xunta de Goberno Local do día 25 de setembro de 2019 de aprobación das bases xerais que regulan a creación e funcionamento das bolsas de traballo do excmo. Concello de Lugo que di na disposición Segunda 1 a):

As bolsas de traballo crearanse como consecuencia de:

a) A realización das "probas selectivas" para o acceso á función pública no Concello de Lugo ou para o acceso á condición de persoal laboral fixo.

Constituirase unha bolsa de traballo cos/as aspirantes que, ao menos, superasen o primeiro exercicio.

Esta bolsa terá unha vixencia de tres anos desde a súa aprobación, salvo que con anterioridade á dita data seconstitúa unha nova bolsa que a substitúa como consecuencia dun proceso selectivo ou en caso contrario sexa necesaria a súa prórroga polo tempo que se determine polo órgano competente en caso de urxencia e necesidade debidamente acreditada no expediente.

Esta bolsa usarase para a cobertura interina ou temporal en calquera dos supostos sinalados na base primeira

Unha vez rematado dito proceso selectivo e visto os resultados das probas e a proposta do tribunal de selección do 18 de marzo y 19 de abril de 2021 resulta a seguinte bolsa:

| Nº Orde | Apellidos Nome | DNI | P. total |
|---------|-------------------|-----------|----------|
| 1. | LLANO DIAZ, DAVID | xxx7585xx | 6,98 |

Segundo.- Que se proceda á súa publicación na páxina web e taboleiro de anuncios, coa indicación de que a presente resolución pon fin á vía administrativa e que contra a mesma, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativo, poderá interpoñer recurso contencioso administrativo ante o Xulgado deste orde en Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da publicación. Non obstante poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo de 1 mes contado dende o día seguinte á súa publicación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñelo recurso contencioso administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolva expresamente, poderá presentarse en calquera momento, dende que se produza o silencio administrativo.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.